

## **CONTIDOS PROCEDIMENTAIS.**

- a) Atención especial ó vocabulario arquitectónico.
- b) Comentario de diapositivas das obras máis representativas.
- c) Análise dos contidos iconográficos da plástica.
- d) Análise comparativa de obras de arte, partindo de relacións formais.
- e) Interpretación das obras de arte, reflexionando sobre as dimensións intrínsecas e extrínsecas.
- f) Análise dos procedementos pictóricos para captar o espacio dende finais da idade media ata o século XVII.
- f) Análise das rupturas artísticas dos séculos XIX e XX.
- g) Análise comparativa da consideración social do artista en diversos momentos da evolución da historia da arte.

## **ORIENTACIONES DE AVALIACION.**

A- As avaliacións faranse a traverso de probas escritas comprensivas similares as propostas dende a Coordinación de Bacharelato para a selectividade, nas que se terá en conta:

- 1 - Valoración do vocabulario artístico asimilado polo alumno.
- 2.- Análise estruturado da obra de arte.
- 3.- Recoñecer e situar as diversas obras no tempo e no espacio.
- 4.- Comentario axeitado de ditas obras e o seu contexto.

B- De xeito complementario poderán facerse o longo de cada avaliación:

- 5.- Probas específicas que atendan os puntos 1, 2 ou 3.
- 6.- Traballos en guías de diversas saídas de carácter artístico, en función das posibilidades que os museos e as exposicións temporais dan ó longo do curso.

A valoración destas probas e traballos será aproximadamente do 10% ó 20% da nota global da avaliación. O profesor poderá considerar a presentación desas probas e traballos como condición necesaria para a avaliación positiva do alumnado.

C- Habrá recuperacións das diversas avaliación o longo do curso, excepto da última avaliación parcial. No remate do curso (maio) haberá unha derradeira recuperación que non poderá ser de tódala asignatura.